

Son accidentes provocados por caídas de persoas en lugares de paso ou superficies de traballo e caídas sobre ou contra obxectos.

As lesións máis frecuentes son torceduras, escordaduras, contusións, feridas, fracturas, etc...

Este risco pode manifestarse cando o traballador se atopa no lugar de traballo con:

- Chan sucio, mollado, encerado de material esvaradío, etc...
- Iluminación deficiente
- Obstáculos en corredores e áreas de traballo
- Cables, caixas ou obxectos existentes polo chan entorpecendo o paso
- Baldosas levantadas ou rotas, etc.....



Pero lembre que determinadas **condutas inadecuadas ou imprudencias do traballador**, como:

- Correr polos corredores ou escaleiras
- Camiñar por pisos esvaradíos, encerados, etc....

Interfieren na súa seguridade podendo dar lugar ao accidente



As medidas básicas a adoptar para evitar o accidente son:

- Camiñar normalmente, sen carreiras.
- Informar da necesidade de reparar pisos ou elementos do chan en mal estado (baldosas rotas, defectuosas, etc...) advertindo ao responsable.
- **Evitar a presenza de cables colgando** ou polo chan nas zonas de paso (cables de teléfono , ordenador, etc...). Para evitar tropezos cos mesmos, protexeranse ou fixaranse de xeito adecuado, utilizando, por exemplo, canles ou outros dispositivos similares.
- **Evitar a acumulación de material que poida favorecer os tropezos ou caídas** (caixas, carros, bombonas de gases, obstáculos, etc.....)
- **O chan estará sempre limpo.** En caso de derrame de calquera líquido no chan tome precaucións, límpelo de xeito inmediato e informe a quen proceda. Extremar as precaucións se o chan está mollado ou encerado.
- **Usar preferentemente solas non esvaradías.**
- Os **niveis de iluminación** nas áreas de traballo, así como en corredores e zonas de paso serán os adecuados.

